



| Guía Docente          |   |                    |   |          |
|-----------------------|---|--------------------|---|----------|
| Datos Identificativos |   |                    |   | 2020/21  |
| Asignatura (*)        | Técnicas Documentais Aplicadas á Investigación Científica   | Código             | 710G02041   |          |
| Titulación            | Grao en Información e Documentación   |                    |   |          |
| Descritores           |   |                    |   |          |
| Ciclo                 | Período   | Curso              | Tipo  | Créditos |
| Grao                  | 2º cuadrimestre   | Cuarto             | Obrigatoria                                       | 6        |
| Idioma                | Castelán  |                    |   |          |
| Modalidade docente    | Híbrida   |                    |   |          |
| Prerrequisitos        |   |                    |   |          |
| Departamento          | Humanidades   |                    |   |          |
| Coordinación          | Fernandez Travieso, Carlota   | Correo electrónico | carlota.ftravieso@udc.es                          |          |
| Profesorado           | Fernandez Travieso, Carlota<br>Suárez Golán, Fernando   | Correo electrónico | carlota.ftravieso@udc.es<br>f.suarez.golan@udc.es |          |
| Web                   | pdi.udc.es/es/File/Pdi/4S46G  |                    |   |          |
| Descrición xeral      | Esta materia céntrase na ciencia e no método científico. Explora as técnicas analíticas, descritivas y bibliométrico-estadísticas da investigación. Establece especial fincapé na metodoloxía da investigación en Información, Biblioteconomía e Documentación, así como na aplicación de técnicas documentais á investigación. |                    |   |          |



|                             |   |
|-----------------------------|---|
| <b>Plan de continxencia</b> | <p><b>1- Modificacións nos contidos</b><br/>Mantéñense os contidos propostos, contemplando a eventual redución da súa extensión en virtude do desenvolvemento e evolución da materia e as conxunturas eventuais que se poidan producir.</p> <p><b>2- Metodoloxías</b><br/>Metodoloxías docentes que se manteñen:<br/>- Portafolios<br/>- Traballos tutelados (en caso de pasar a docencia non presencial, non se expoñerán)<br/>Metodoloxías docentes que se modifican:<br/>- Sesión maxistral (presenciais): substituída por docencia non presencial asíncrona, reforzo das comunicacións a través do foro de noticias de moodle, reatrealimentación das actividades en moodle e dispoñibilidade en liña para consultas e seguimento do alumnado.<br/>- Proba mixta presencial: Substitúese por unha avaliación síncrona en liña, utilizándose para tal fin Moodle e coordinación a través de vídeo conferencia a través de Microsoft Teams. Os alumnos que non podan realizar a proba a través dos medios previstos, deben comunicar á docente da materia tal circunstancia ofrecendo unha motivación con suficiente antelación. Para causas debidamente xustificadas, poderá, eventualmente, organizarse un sistema de avaliación alternativo.<br/>- Presentación oral: desaparece.</p> <p><b>3- Mecanismos de atención personalizada ao alumnado</b><br/>Ferramentas: Correo electrónico, Microsoft Teams, Moodle ( retroalimentación formativa das actividades)<br/>Temporalización: Aténdese ao alumnado diariamente, de luns a venres. A comunicación en primeira instancia establecerase a través do correo electrónico ou do chat de Teams. Será posible concertar citas para vídeo-conferencias a través de Teams..</p> <p><b>4- Modificacións na avaliación:</b><br/>-Presentación oral: Peso na cualificación: 0%. A desaparición de parte desta metodoloxía resulta nun aumento do valor do portafolios do 10%. -Portafolios: Peso na cualificación: 30%. Aumenta o seu valor inicial nun 10%. Para os alumnos que realizasen presentacións durante as clases presenciais, poderá considerarse como xa conseguido a parte que corresponda desa porcentaxe. En canto aos criterios de valoración, non hai cambios -Traballos tutelados: Peso na cualificación 30%. Non hai cambios. -Proba mixta (agora en liña) 40% En canto aos criterios de valoración non hai cambios.<br/>Observacións de avaliación:<br/>As mesmas que no caso de non ser necesaria a aplicación deste plan de continxencia.</p> <p><b>5- Modificacións da bibliografía ou webgrafía:</b><br/>O material preciso para preparar a materia (apuntamentos, gravacións das clases e/ou referencias web aos textos que son imprescindibles) colgarase na plataforma moodle ou se dará acceso a eles a través de ligazóns da internet.<br/>Polo demais, non hai cambios en relación coas fontes empregadas.</p> |
|-----------------------------|---|

| Competencias / Resultados do título |   |
|-------------------------------------|---|
| Código                              | Competencias / Resultados do título   |
| A1                                  | Coñecemento da natureza da información e dos documentos, dos seus diversos modos de produción e do seu ciclo de xestión, dos aspectos legais e éticos do seu uso e transferencia, e das fontes principais de información en calquera soporte, e ao longo do tempo.                                      |
| A2                                  | Coñecemento, comprensión, aplicación e valoración dos principios teóricos e metodolóxicos, e das técnicas para a planificación, organización e avaliación de sistemas, unidades e servizos de información.  |
| A3                                  | Coñecemento, comprensión e aplicación dos principios teóricos e metodolóxicos, e das técnicas para a creación e autentificación, reunión, selección, organización, representación, preservación, recuperación, acceso, difusión e intercambio, e avaliación da información e dos recursos informáticos. |



|     |  |
|-----|--|
| A4  | Coñecemento, comprensión e aplicación dos principios teóricos e metodolóxicos para o estudo, a análise, a avaliación e a mellora dos procesos de produción, transferencia e uso da información e da actividade científica.                               |
| A5  | Coñecemento e aplicación das tecnoloxías da información que se emprega nas unidades e servizos de información e nos procesos e transferencia da información.   |
| A7  | Habilidades para analizar, asesorar e formar a produtores, usuarios e clientes de servizos de información, así como nos procesos de negociación e comunicación   |
| A8  | Habilidades na obtención, tratamento e interpretación de datos sobre unidades e servizos de información, dos procesos de produción, transferencia e uso da información e da actividade científica.   |
| B3  | Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan una reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.                      |
| B4  | Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado como non especializado   |
| B6  | Capacidade de análise e de síntese aplicada á xestión e organización da información  |
| B7  | Capacidade da xestión da información relevante   |
| B9  | Habilidades no uso de software xenérico  |
| C1  | Expresarse correctamente tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma   |
| C3  | Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solución baseadas no coñecemento e orientadas cara o ben común |
| C5  | Valorar críticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas a os que deben de enfrontarse   |
| C6  | Asumir como profesional e cidadán a importancia do aprendizaxe ao longo da vida  |
| C7  | Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade   |
| C8  | Aprender a aprender  |
| C9  | Resolver problemas de forma efectiva   |
| C10 | Aplicar un pensamento crítico, lóxico e creativo   |
| C11 | Traballar de xeito autónomo con iniciativa   |
| C12 | Traballar de xeito colaborativo  |
| C13 | Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional  |
| C14 | Comunicarse de xeito efectivo nun contorno de traballo   |
| C15 | Capacidade de organización e planificación do traballo propio  |
| C17 | Recoñecemento da diversidade y multiculturalidade no ámbito do exercicio profesional   |

| Resultados da aprendizaxe  |                                     |    |     |
|--|-------------------------------------|----|-----|
| Resultados de aprendizaxe  | Competencias / Resultados do título |    |     |
| ? Coñecemento, comprensión, aplicación e valoración das principais técnicas e métodos para a investigación científica              | A2                                  | B3 | C8  |
|  | A3                                  | B4 | C9  |
|  | A4                                  | B7 | C10 |
|  | A5                                  |    | C11 |
|  | A7                                  |    | C12 |
|  | A8                                  |    | C13 |
|  |                                     |    | C17 |
| Valorar críticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñibles para resolver os problemas cos que deben enfrontarse. | A1                                  | B3 | C10 |
|  |                                     | B4 | C11 |
|  |                                     | B6 | C14 |
|  |                                     | B7 |     |



|  |    |     |     |
|--|----|-----|-----|
| Valorar a importancia que ten a investigación no avance ético, socioeconómico e cultural da sociedade. | A1 | B3  | C1  |
|  | A3 | B6  | C3  |
|  | A5 | B9  | C5  |
|  |    |     | C6  |
|  |    |     | C7  |
|  |    |     | C11 |
|  |    |     | C12 |
|  |    |     | C13 |
|  |    |     | C14 |
|  |    |     | C15 |
|  |    | C17 |     |

| Contidos   |  |
|--|--|
| Temas  | Subtemas   |
| 1. Introducción á ciencia e á investigación científica | <ul style="list-style-type: none"><li>- O coñecemento. Características e fontes de coñecemento.</li><li>- Métodos de adquisición de coñecementos.</li><li>- A ciencia. Noción, definición.</li><li>- Características do coñecemento científico.</li><li>- Orixe e evolución da ciencia</li><li>- A investigación científica, ¿qué é?</li><li>- A reciprocidade investigación-teoría</li><li>- Importancia da investigación para as disciplinas e as profesións</li></ul>   |
| 2. O método científico                                 | <ul style="list-style-type: none"><li>-Nocións do método.</li><li>-Qué é a metodoloxía, para qué serve e cómo se usa.</li><li>-Os paradigmas de investigación.</li><li>-O proceso de investigación.</li><li>-A sistematización dos métodos.</li><li>-Método Empírico-analítico.</li><li>-Método Experimental.</li><li>-Método Hermenéutico.</li><li>-Método Dialéctico.</li><li>-Método Fenomenolóxico.</li><li>-Método Histórico.</li><li>-Método Sistémico.</li><li>-Método Sintético.</li><li>-Método Lóxico.</li></ul> |



|  |  |
|--|--|
| 3. As técnicas científicas de investigación cuantitativa                             | <ul style="list-style-type: none"><li>- Tipos de técnicas de investigación cuantitativa de acordo coa súa finalidade, carácter, natureza e marco temporal.</li><li>- Unidades de análise e observación.</li><li>- Poboación: definición e tipos.</li><li>- A mostra e o muestreo. Definición, requisitos e procedimentos.</li><li>- Variables: definición e tipos.</li><li>- Selección de informantes e recollida de datos.</li><li>- Métodos de recollida de datos.</li><li>- Os cuestionarios.</li><li>- Técnicas documentais cuantitativas: modalidades e características.</li><li>- Técnicas mediante encuesta: Introducción e muestreo.</li><li>- Técnicas mediante encuesta: O cuestionario estandarizado e o traballo de campo.</li><li>- Técnicas mediante encuesta: Tratamiento de datos e informe.</li><li>- Diseño experimental.</li><li>- Bibliometría e estadística.</li><li>- Cienciometría e informetría.</li></ul> |
| 4. As técnicas científicas de investigación cualitativa                              | <ul style="list-style-type: none"><li>- Tipos de técnicas de investigación cualitativa de acordo coa súa finalidade, carácter, natureza e marco temporal.</li><li>- A observación directa.</li><li>- O grupo de discusión ou grupo focal.</li><li>- O análise de documentos e de contido: a observación documental.</li><li>- A teoría fundamentada ou anclada.</li><li>- A entrevista estruturada.</li><li>- As historias de vida.</li><li>- Outras técnicas: etnografía, etnoloxía, etnometodoloxía, técnica biográfica, o paradigma hermenéutico-interpretativo, etc.</li></ul>   |
| 5. As fases na investigación. Fase Conceptual: o deseño da investigación             | <ul style="list-style-type: none"><li>-Elixir o problema de investigación.</li><li>-Tipos de cuestións de investigación.</li><li>-Etapas conducentes ao enunciado da cuestión de investigación.</li><li>-Formulación do problema de investigación.</li><li>-Recensión dos escritos.</li><li>-Consulta de bases de datos bibliográficas especializadas en ByD</li><li>-Rexistro e organización da información.</li><li>-O marco de referencia e o nivel de investigación (Procite).</li><li>-O obxectivo da investigación.</li><li>-A hipótese.</li></ul>   |
| 6. As fases na investigación. Fase Metodolóxica                                      | <ul style="list-style-type: none"><li>-Definición e finalidade do deseño da investigación.</li><li>-Elementos do deseño da investigación.</li><li>-Clasificación das investigacións e niveis de coñecementos.</li><li>-Conceptos propios do deseño de investigación.</li><li>-Selección de unha técnica documental.</li></ul>  |
| 7. As fases na investigación. Fase Empírico-analítica:recollida e análise dos datos. | <ul style="list-style-type: none"><li>- Métodos e técnicas de análise dos datos.</li><li>- Presentación e interpretación dos resultados.</li><li>- Conclusións e implicacións na investigación.</li><li>- Análise crítico dos traballos de investigación.</li></ul>  |



|   |  |
|---|--|
| <p>8. As fases na investigación. Presentación dos resultados: redacción e difusión.</p> | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Tipos de informes de investigación.</li> <li>- Redacción e presentación do traballo.</li> <li>- O proceso de redacción: esquema e plan de redacción, os borradores.</li> <li>- O estilo da redacción: léxico, sintaxis, ortografía.</li> <li>- Estructura física: soporte, tipografía, presentación formal e espacial dos contidos.</li> <li>- Estructura lóxica: o formato IMRYD (Introdución, Material e Métodos, Resultados e Discusión).</li> <li>- O aparato crítico: citas e notas.</li> <li>- Comunicación, publicación e diseminación da investigación. - Canales formales e informales de publicación: revistas científicas, congresos, informes.</li> <li>- O proceso de publicación. A ética científica</li> <li>- A estrutura nos informes de investigación.</li> <li>- Redacción do informe de investigación según diferentes modelos editoriales (MLA, APA, UNE)</li> <li>- Comunicación dos resultados.</li> <li>- Canales de comunicación científica.</li> <li>- Análisis crítico dos traballos de investigación.</li> <li>- A ética científica.</li> </ul> |
|---|--|

| Planificación          |  |   |                         |              |
|------------------------|--|---|-------------------------|--------------|
| Metodoloxías / probas  | Competencias / Resultados                      | Horas lectivas (presenciais e virtuais) | Horas traballo autónomo | Horas totais |
| Traballos tutelados    | A1 A2 A3 A4 C1 C3<br>C14 C15 C17               | 2                                       | 38                      | 40           |
| Sesión maxistral       | A1 A2 A3 A4 B4 B9<br>C5 C6 C7 C9               | 21                                      | 20                      | 41           |
| Proba mixta            | A1 A2 A3 A4 A5 A7<br>A8 B3 B6 B7 C5 C10<br>C11 | 2                                       | 20                      | 22           |
| Presentación oral      | B3 B4 C1                                       | 9                                       | 0                       | 9            |
| Portafolios do alumno  | A1 A4 B6 B7 B9 C6<br>C7 C10 C11 C12 C13<br>C14 | 10                                      | 24                      | 34           |
| Atención personalizada |  | 4                                       | 0                       | 4            |

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

| Metodoloxías        |   |
|---------------------|---|
| Metodoloxías        | Descrición  |
| Traballos tutelados | Traballos orientados á aplicación dos conceptos e técnicas da materia de forma autónoma por parte do alumnado, contando sempre coa atención personalizada da docente para o seguimento.<br>Proporcionaranse instrucións precisas para a súa realización. Será obrigatorio consensuar o tema deste traballo coa docente dentro do prazo que se estableza a tal fin. Poderase solicitar a súa exposición na aula. |
| Sesión maxistral    | Exposición oral dos contidos esenciais correspondentes aos temas do programa, que poderá ser apoiada por medios audiovisuais. Proposta de exemplos e modelos. Resposta a dúbidas e preguntas.   |
| Proba mixta         | Método de avaliación dos coñecementos e habilidades adquiridos polo alumnado, puidendo combinar distintos tipos de preguntas: preguntas de resposta curta (pechada ou non) e outras algo máis extensas para que o alumno reflexione sobre os contidos tratados na materia.  |



|                       |  |
|-----------------------|--|
| Presentación oral     | Ó longo das aulas procurarase a interacción entre o alumnado e profesorado de xeito ordeado, propoñendo cuestións, facendo aclaracións e expoñendo temas, traballos, conceptos, feitos ou principios de forma dinámica. Os alumnos terán que falar de/expoñer os traballos que se incluírán no portafolios.  |
| Portafolios do alumno | Cartofol que reúne virtualmente (a través da plataforma moodle) os traballos dos alumnos, fundamentalmente consistentes en resumo, comentario ou resposta a preguntas sobre lecturas, vídeos, conferencias, etc. que permitirán profundar sobre os contidos traballados e actividades de carácter práctico que permiten ao alumnado aprender de forma efectiva a teoría dun ámbito de coñecemento. |

### Atención personalizada

| Metodoloxías  | Descrición  |
|---|---|
| Sesión maxistral<br>Portafolios do alumno<br>Traballos tutelados<br>Proba mixta | As titorías da materia permitirán ao alumnado resolver dúbidas sobre os contidos, a forma de preparar o exame, traballos tutelados, traballos do portafolios e calquera outra actividade orientada ao longo do curso.<br><br>Empregaranse preferentemente as titorías presenciais e o correo electrónico e o chat de Teams. Acordándose previamente coa profesora, poderanse tamén realizar titorías por vídeo-conferencia a través de Teams. |

### Avaliación

| Metodoloxías          | Competencias / Resultados                      | Descrición   | Cualificación |
|-----------------------|--|--|---------------|
| Presentación oral     | B3 B4 C1                                       | Terase en conta a participación nas aulas expoñendo o traballo propio e outras achegas de interese por parte dos estudantes reflexionando sobre os temas propostos pola profesora ou plantexando dúbidas de forma constructiva.  | 10            |
| Portafolios do alumno | A1 A4 B6 B7 B9 C6<br>C7 C10 C11 C12 C13<br>C14 | Valorarase a adecuación ás pautas marcadas para cada actividade, o contido, as achegas por parte dos alumnos, a coherencia da súa estrutura, a redacción e presentación. Poderán especificarse outros criterios de avaliación particulares no momento da presentación das actividades aos alumnos.   | 20            |
| Traballos tutelados   | A1 A2 A3 A4 C1 C3<br>C14 C15 C17               | Computará a adecuación ás pautas marcadas (contido e presentación), a aplicación dos coñecementos adquiridos, a coherencia entre a proposta e o seu desenvolvemento, as iniciativas persoais, a claridade na formulación e estrutura, a capacidade de síntese, a redacción e presentación, fontes e bibliografía utilizada. Será imprescindible acordar o tema coa profesora dentro do prazo establecido a tal fin.<br>Requerirase a súa exposición na aula. | 30            |
| Proba mixta           | A1 A2 A3 A4 A5 A7<br>A8 B3 B6 B7 C5 C10<br>C11 | Valorarase a adecuación das respostas ás preguntas plantexadas, o nivel de coñecementos demostrado, a ausencia de erros, as achegas persoais, así como a capacidade do alumnado para sintetizar, desenvolver, comparar ou relacionar de forma autónoma o contido teórico-práctico da materia. Terase en conta a expresión, corrección ortográfica e presentación, que poderán restar puntos.   | 40            |
| Outros                |  |  |               |

### Observacións avaliación



Para aprobar a materia é preciso obter unha nota media de 5 sobre 10 que se calculará atendendo ás porcentaxes sinaladas para cada metodoloxía no apartado de avaliación, a condición de que se obteña un mínimo de 4 sobre 10 en cada unha das metodoloxías mencionadas a continuación: proba mixta, traballo tutelado e portafolios. Se a nota nalgunha destas metodoloxías é inferior a 4 suspenderase a materia.

Non se avaliarán as entregas non consensuadas coa profesora no prazo establecido para tal fin cando sexa necesario acordar un tema ou presentadas fóra de prazo. Se se realizan outras entregas desa metodoloxía, as entregadas fóra de prazo cualificaranse cun 0. Este será tamén o caso dos traballos que non cumplan coas instrucións prescritas para a súa elaboración ou que fosen copiados.

#### SEGUNDA OPORTUNIDADE:

Poderán presentarse á segunda oportunidade unicamente os estudantes que non superen a materia na primeira oportunidade. Respetaranse as mesmas condicións e porcentaxes da primeira oportunidade. Gardaranse as notas relacionadas coas diferentes metodoloxías mencionadas no apartado de avaliación que resultasen aprobadas, polo que os alumnos poderán recuperarán só a parte/partes que teñan suspensas. Será obrigatorio comunicar aos docentes como se abordará á avaliación nesta segunda oportunidade. Será obrigatorio presentar o traballo tutelado e as lecturas como mínimo 1 mes antes da data fixada para o exame pola Facultade de Humanidades.

#### ALUMNOS CON DEDICACIÓN A TEMPO PARCIAL OU DISPENSA ACADÉMICA DE ASISTENCIAS ÁS AULAS LEGALMENTE RECOÑECIDA:

Terán que acordar unha titoría coa profesora na primeira semana de clase. Terán que decidir se se acollen aos prazos de presentación de traballos da avaliación continua que serán comunicados ao longo do curso a través de plataforma Moodle ou se realizan unha entrega final de todos os traballos conxuntamente como mínimo 1 mes antes da proba obxectiva á que desexan presentarse. Poderán ser dispensados da participación nas aulas (o 10% de "presentación oral"), tendo neste caso as actividades do portafolios o valor do 30%





|   |  |
|---|--|
| <p><b>Bibliografía básica</b></p>         | <p>Alfaya Lamas, E. (2008). La Ley de Zipf y el método de McIntosh como técnicas documentales para la determinación de la procedencia geográfica de manuscritos medievales: Cotton Vespasian aiii. Actas del I encuentro internacional de investigación en ciencias de la Infomación y Documentación. A Coruña. BATTHYANY, K.; CABRERA, M. (Coord.). Metodología de la investigación en Ciencias Sociales. Apuntes para un curso inicial. Montevideo: Udelar. CSE, 2011, pp.9-17. Disponible en: &amp;lt;https://hdl.handle.net/20.500.12008/9491&amp;gt;. BLAXTER, L.; HUGHES, C.; TIGHT, M. Cómo se hace una investigación. Barcelona: Gedisa, 2005. BUNGE, Mario. Epistemología. Barcelona: Siglo XXI, 2004. Butler-Kisber, L. (2010). Qualitative inquiry: Thematic, narrative and arts-informed perspectives. Thousand Oaks: Sage Publications. Caelli, K., Ray, L., &amp; Miller, J. (2003). ¿Clear as mud?: Toward greater clarity in generic qualitative research. International Journal of Qualitative Methods, 2(2), 1-13. Chirban, J. T. (1996). Interviewing in depth: The interactive-relational approach. Thousand Oaks: Sage Publications. Creswell, J. W. (2009). Research design: Qualitative, quantitative, and mixed methods approaches (3rd ed ed.). Thousand Oaks: Sage Publications. Denzin, N. K., &amp; Loncoln, Y. S. (1994). Handbook of qualitative research. Thousand Oaks: Sage Publications. FORTÍN, M. F. El proceso de investigación de la concepción a la realización. México D.F.: McGraw-Hill, 1999. Harry, B., Sturges, K. M., &amp; Klinger, J. K. (2005). Mapping the process: An exemplar of process and challenge in grounded theory analysis. Educational Researcher, 34(2), 3-13. HERNÁNDEZ LEÓN, R. A. y Sayda Coello González, EL PROCESO DE INVESTIGACIÓN CIENTÍFICA, La Habana, Editorial Universitaria, 2011. ICART ISERN, M. T.; PULPÓN SEGURA, A. M. Cómo elaborar y presentar un proyecto de investigación, una tesina y una tesis. Barcelona: Universidad de Barcelona, 2012. IGARTUA, J. J.; HUMANES, M. L. El método científico aplicado a la investigación en comunicación social. En Portal de la Comunicación. Disponible en &amp;lt;http://www.portalcomunicacion.com/download/6.pdf&amp;gt;. Krueger, R. A., &amp; Casey, M. K. (2000). Focus groups: A practical guide for applied research. Thousand Oaks: Sage Publications. Lifeder (en línea). Disponible en https://www.lifeder.com/Lingard, L., Albert, M., &amp; Levinson, W. (2008). Grounded theory, mixed methods, and action research. British Medical Journal, 337, 459-461. LÓPEZ YEPES, José. La aventura de la investigación científica. Guía del investigador y de director de investigación. Madrid: Síntesis, 1995. Marshall, C., &amp; Rossman, G. B. (2006). Designing qualitative research (4th ed ed.). Londres: Sage Publications. McCall, G. J., &amp; Simmons, J. L. (Eds.). (1969). Issues in participant observation: A text and reader. Reading: Addison-Wesley. Morse, J. M., &amp; Stern, P. N. (2009). Developing grounded theory: The second generation. Walnut Creek: Left Coast Press. Schofield, J. W. (2002). Increasing the generalizability of qualitative research. In A. M. Huberman, &amp; M. B. Miles (eds.), The qualitative researcher's companion (pp. 171-203). Thousand Oaks, CA: Sage Publications. Silverman, D. (2010). Qualitative research: Theory, method and practice. Londres: Sage Publications. SOLIS, C.; SELLÉS, M. Historia de la ciencia. Madrid: Espasa Calpe, 2008. TAMAYO Y TAMAYO, M. El proceso de investigación científica. México: Limusa, 1981. TAMAYO Y TAMAYO, M. Diccionario de investigación científica. México: Limusa, 2004.</p> |
| <p><b>Bibliografía complementaria</b></p> | <p>A profesora poderán proporcionar nas clases bibliografía específica para cada un dos temas e actividades a desenvolver, co fin de adecuar e actualizar de maneira continua os contidos da materia.</p>  |

## Recomendacións

**Materias que se recomenda ter cursado previamente**

**Materias que se recomenda cursar simultaneamente**

**Materias que continúan o temario**

Bibliometría/710311203

Estatística/710G02075

**Observacións**



(\*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías